

Escritores no Camiño

[Ruta do Camiño do Norte](#)





Ruta do Camiño do Norte

190 kms

O Camiño do Norte viviu a súa gran época durante a Baixa Idade Media e a Época Moderna. Foi transitado principalmente por visitantes asturianos, cántabros e vascos, pero tamén por europeos procedentes de Escandinavia, Flandes, Alemaña e Reino Unido, que na mesma viaxe aproveitaban para coñecer as catedrais ovetenses e compostelás, atraídos polas reliquias que nelas se custodiaban.

Esta ruta do Camiño de Santiago entra en Galicia pola localidade lucense de Ri-

badeo e transita por vilas como Mondoñedo ou Vilalba, berces de destacados literatos aos que aludiremos a continuación. Recoñecido como Patrimonio da Humanidade, este camiño atravesa contornas únicas, catalogadas como Reserva da Biosfera, como son as Terras do Miño ou da contorna do río Eo.

Ribadeo, na que destaca a súa rica arquitectura indiana, é o lugar de nacemento de **Ubaldo Pasarón**, un capitán de infantaría multifacético que dedicou a súa vida á escritura, tamén como co-

Ubaldo Pasarón, ademais de escritor e militar de carreira, dedicou boa parte da súa vida á invención, solicitando patentes de diferentes aparellos. Un deles levaríao a intentar establecer un servizo postal aéreo internacional que empregase o globo dirixible como medio de transporte, xa que el definíase a si mesmo como «descubridor do fixo rumbo aerostático e da navegación atmosférica».



Cunqueiro mirando la catedral de Mondoñedo



laborador en distintos periódicos, e á invención durante o século XIX. Entre as súas obras destacan títulos como *Leyendas y dramas*, *Poemas*, *Cuadro del adelanto social moderno o efemérides* e *Pilotaje aeronáutico*.

Moi relacionada coa emigración a América, coa arquitectura indiana e coa historia de Ribadeo está a traxectoria de **José María Trelles**, que se asentaría en Uruguay a finais do século XIX, onde desenvolvería a súa profesión de procurador, paralelamente coa de escritor, e xornalista na prensa uruguaia. Tamén dirixiu semanarios como *El Tala Cómic* y *Momentáneas*. Coñecido como El Viejo Pancho, será recoñecido como un dos poetas máis destacados de Uruguai e varias das súas letras formaron parte dos temas interpretados por Carlos Gardel.

Ensaista, narrador e editor, **Francisco Fernández del Riego** é unha das per-


sonalidades destacadas do noso seguinte destino nesta ruta: **Vilanova de Lourenzá**. Moi vencellado aos idarios galeguistas, desenvolveu a súa carreira de avogado en Vigo, que compaxinaria coa cofundación da Editorial Galaxia e coa reorganización do Partido Galeguista desde a clandestinidade á que se vía obrigado pola dictadura.

A súa figura foi determinante para unir os intelectuais que permanecían en Galicia cos que emigraran a América, polo que colaborou intensamente en publicacións como *Galicia emigrante*, *Vieiros* ou *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires*. Entre os seus títulos destacan *As peregrinacións xacobeas*, *Cos ollos do noso esprito*, *Danzas populares gallegas* ou *Diccionario de escritores en lingua galega*, entre outros. A súa traxectoria foi moi recoñecida con diversos premios e foi un dos máis destacados presidentes da Real Academia Galega.

Son varios os peregrinos notables que ao longo da historia recolleron por escrito a súa experiencia nesta ruta, como fixo o bispo armenio **Martiros de Arzendjan** no século XV, no que describe as localidades que ía visitando polo norte peninsular. Cabe destacar tamén o periplo polo norte que recopila **Juan Villuga** no século XVI no seu *Repertorio de todos los caminos de España*, onde tamén recolle rutas a Santiago que parten de Alicante e Valencia. «[...] Volvendo pois ao noso propósito o presente libro intitulado repertorio dos camiños hase de ler por cidades e vilas dentro da redondez de España desde o castelo de salsa e van polas súas leguas dunha en unha e de media en media a Santiago e a Lisboa e a Sevilla e a Granada e á moi noble cidade de Valencia, etc.», escribía Villuga.



Desde Lourenzá chegaremos a terras de **Mondoñedo**, berce de relevantes literatos como **Antón Noriega Varela**, **Manuel Leiras Pulpeiro** ou **Álvaro Cunqueiro**. Desta vila tamén é natural **Marina Mayoral**, catedrática de literatura española na Universidade Complutense de Madrid e investigadora no campo da literatura feminina, profundizando na carreira de escritoras como Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán ou Carolina Coronado, entre outras. *Contra muerte y amor*; *Recóndita armonía*; *Recuerda, cuerpo* ou *La única mujer en el mundo* son algunhas das súas novelas, moitas das cales están traducidas a diversos idiomas. O escenario común de moitas das súas creacións é un lugar imaxinario situado en Galicia que bautizou como Brétema, néboa en español.



Álvaro Cunqueiro mostrou o seu interese pola temática xacobeá ao longo da súa traxectoria, investigando sobre esta e creando personaxes moi vencellados a ela. Recomendamos a lectura da obra *El Camino de Santiago* (1965), na que conta o percorrido que realizou o fotógrafo Magar completando o Camiño Francés. O seu vencello coa cidade de Compostela propiciou o seu contacto coas tradicións e as lendas xacobeas, que filtradas a través da súa capacidade narrativa se incorporaron á súa propia produción literaria.

Considerado un dos máis destacados escritores galegos, unha escultura de **Cunqueiro** mirando á catedral de Mondoñedo recibe ao visitante na contorna da magnífica praza que se abre ante a portada oeste do dito templo. Poeta, dramaturgo, novelista e investigador gastronómico, é autor de títulos tan recoñecidos como *As crónicas do sochantre*, *Se o vello Simbad volveuse ás illas*, *Xente de aquí e de acolá* ou *Merlín e familia e outras historias* e está considerado como un mestre dentro da narrativa fantástica. Se queredes aprender sobre gastronomía galega, no vos podedes perder o seu libro *A cociña galega*. «No mundo da cociña poderíase falar de estilos. Así, por exemplo, existe o barroquismo oriental da cociña chinesa e do rococó da francesa [...]



Si o vello Simbad volveuse ás illas

Se tivéssemos que lle asignar un estilo á cociña galega, habería que pensar na fermosura do románico rural, tan intimamente ligado ao ser e ao sentir do



Cantón Grande de Mondoñedo

país. Trátase dunha cociña de liñas rec-
tas, sin sorpresas nin recovecos, que
ensina abertamente, aínda que sin pre-
potencia de ningún tipo os seus encan-
tos naturais», escribe o autor lucense.

Recentemente rehabilitouse a súa casa
natal como museo ([https://www.cas-
amuseoalvarocunqueiro.es/](https://www.cas-
amuseoalvarocunqueiro.es/)), na que
escribiu algunha das súas importantes
obras. Situado no Cantón Grande da
mencionada praza, ademais de apren-
der sobre a súa traxectoria, podeades
coller forzas na Taberna de Galiana,
que recibe o nome dun dos escenarios
literarios imaxinados polo escritor, ao
contemplan a mesma horta que o autor
observaba mentres imaxinaba historias
e personaxes, moitas das cales perco-
reron camiños xacobeos que visitou
en reiteradas ocasións na súa literatura.

Manuel Leiras Pulpeiro foi outro des-
tacado intelectual de Mondoñedo, e
aínda que en vida se publicaron poucas
obras súas, sería tras o seu falecemento
cando se dará a coñecer o seu legado
literario con títulos como *Cantares in-*

*éditos, Cantares gallegos, Cómo falan
os brañegos* ou *Vocabulario*. Médico de
profesión e republicano convencido,
desenvolveu a súa carreira na súa lo-
calidade natal, na que mantivo moitas
diferenzas cos poderes eclesiásticos e
a clase social alta. Proximamente, abri-
rase ao público, xa rehabilitada, a casa
deste autor para dar a coñecer a súa
traxectoria e desenvolver nela diversos
proxectos culturais.

Agustín Fernández Paz, orixinario da
localidade lucense de *Vilaba*, seguin-
te parada nesta ruta, gañou o Premio
Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil
pola súa traxectoria como escritor na
que destacan títulos imprescindibles
para os máis novos como *As flores ra-
diactivas, Lonxe do mar, Noites de vo-
races sombras, No corazón do bosque*
ou *A escola dos piratas*. Un premio lite-
rario que promove a igualdade entre os
máis mozos leva o seu nome e é convo-
cado anualmente polo Instituto de Es-
tudos Chairegos, o Concello de Vilalba
e Edicións Xerais.

Obra realizada para o Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021

